

Proposta de nome para o proxecto	VISIBILIDADE DA LINGUA NA PRENSA DIARIA. Respecto da lingua escollida pola persoa ou entidade anunciante/entrevistada.
Datos da persoa que fai a proposta	Nome e apelidos: Eva M. García Rei
Breve descrición	Os medios de comunicación son os encargados, entre outras cousas, de difundir as novas xeradas dende as asociacións culturais e veciñais, as fundacións e institucións e os organismos públicos. Porén, por sistema NON UTILIZAN NUNCA A LINGUA GALEGA (polo menos no ámbito da área metropolitana de Vigo – zona de influencia para o Concello de Redondela -). De tal xeito que aínda que as notas de prensa e as comunicacións se emitan en lingua galega, ou a persoa entrevistada o faga na nosa lingua, traducen sistematicamente ao castelán todo o que publican.
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> – Facer visible a lingua na prensa diaria, mostrando así o respecto pola lingua escollida pola persoa ou entidade que xere a noticia. Respetar a toponimia oficial e transmitir o uso correcto da mesma.
Explicación da acción	<p>Enviar unha solicitude formal aos medios de comunicación de maior difusión en cada comarca para que modifiquen as súas prácticas lingüísticas e respecten a lingua escollida polas anunciantes ou persoas entrevistadas, que se podería materializar na sinatura dun convenio de colaboración ou nun documento marco para que os medios se comprometan con este fin.</p> <p>Podería incluír tres puntos básicos:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Respecto pola lingua na que se transmiten as notas de prensa e comunicados das distintas institucións e asociacións. 2. Respecto pola lingua escollida polas persoas entrevistadas para transcribir as súas manifestacións. 3. Respecto pola toponimia oficial e corrección daqueles anuncios, ou mesmo necrolóxicas, que por erro ou falta de rigor inclúan topónimos deturpados.

A quen vai dirixida a acción	Aos medios de comunicación impresos e radiofónicos da área de influencia de cada administración ou institución.
Quen se propón que a promova?	O SNL do Concello de Redondela propúxollo á Alcaldía, mais polo de agora non se fixo. Podería ser promovida dende os SNL dos Concellos que conteno Servizo, e mesmo animar ás asociacións ou outras institucións locais a que fagan o mesmo.
Necesidades materiais	<ul style="list-style-type: none"> – Elaboración dun documento explicativo e dun modelo de documento para a súa sinatura e difusión.
Necesidades humanas	<ul style="list-style-type: none"> – Podería haber unha comisión redactora que partise da CTNL para facilitar a elaboración do traballo conxunto.
Proposta de xestión do proxecto	–
Prazos previstos	–
Outras observacións	–